

Narrativa

Movemento

Carmen Blanco Ramos

*Pues el alma
es el origen
y sólo ella confiere
movimiento
a todo el resto.*
(Plotino)

A miña mente é un mar turbulento de visións imaxinarias. Esta memoria non me pertence. Rexéittoa pero imponma.

Olo un barco escorado a estribor no medio dun temporal. Un home desgárrase a berros cara a unha proa baleira. Escoito os gritos de dous nenos, pai!, pai!, na cuberta dun abismo abaneado. Logo, na claridade dun día maino, un peixe xigante vomítaos enrolados en algas verdes e azuis nunha praia de area branca.

Negras risas resoan na montaña que observa as luces da gran cidade. Xente que se cruza sen mirarse. Un vello esfarrapado deitado na beirarrúa desexa non ser alleo aos que camiñan baixo rañaceos. Oio as sirenas das fábricas. Almas caladas hipnotizadas polos sinais acústicos. Grupos de soldados con escapularios pendurados no peito en busca da oxidada voz do home que predica a palabra roubada. Vexo Palacios de memoria saqueados. E sentín o alento do lume enfurecido entre troncos de trompetas que baixaban do ceo e abrasaban cuíñas.

Sentado nesta cadeira móbil dende a soleira da porta véxoos pasar, á carreira, como formigas. Un exército de formigas avaras. Só teño a miña voz apagada. Para eles non existo, aínda así non deixo de buscar o limiar da miña historia. Non sinto o meu corpo, non me fai falla, unicamente desexo saber quen son e de onde veño. O meu recordo propio, o máis evocado é nesta soleira. Estou aquí dende sempre. E ela tamén, a que me dá de comer cunha

palla na boca tres veces ao día e viste o meu corpo insensible. A que tódalas mañás esvara a esponxa mollada en auga morna sobre a miña pel, amodo, ás veces ausente non sei en que pensamentos. Ao mellor ela é a dona da miña memoria.

A miña cabeza repousa sempre sobre o pescozo. Por iso me mira coma se buscase algún sedimento na profundidade dos meus ollos. Ou se cadra intenta devolverme a miña historia.

A ela non a coñezo, non sei por que me coida. Tampouco o seu noxo cando vén el, o outro, o dos brazos de ferro que me leva da cama á cadeira. Para el son un saco de trigo. Ela non se deixa tocar diante de min. Desaparecen e despois volve acougada, con dúas pingas esvarando polos ollos. Dúas pingas transparentes como burbullas. Decote está peiteándome o pelo. Eu non sinto as súas caricias, imaxínoas. O meu corpo seméllase á natureza morta. E eu sigo aquí no lume do verán esperando o diovo do inverno, coa claridade de compañeira. Nos meus ollos non hai sombras. Polas mañás escoito o son das campaiñas das tres ovellas do home vello que pasa perante de min. Elas *sinquinicando* o corpo. El, atrás, paseniño, detense en fronte da soleira. Mira coma se tivese tódalas respostas. Fai que non me ve. Logo alza os ollos na procura dun camiño nas alturas. Esta memoria que non é miña roxe coma un león. Móstrame homes con estolas vermellas e bastóns rodeados de peixes mortos. Dous meniños

emerxen sobre cabalos alados das profundidades á luz dun universo que non é este.

Nada cambia. Sempre o mesmo. Non sei a quen lle debo a miña existencia. Penso que o falso e o verdadeiro non está nos meus ollos, senón no pensamento. Por iso a miña voz é interna como a da muller, cansa de traballar e atormentada por lle roubar unha mazá ao amo para refrescar a gorxa. Ela non pediu existir para ese fin. Os dous seguimos á espreita do paso da luz que cubra a noite.

No meu estreito horizonte observo os obxectos calados desta casa que tamén observan. Eles si teñen historia. A súa voz é como a miña, calada. Ollo o voo dos paxaros e das bolboretas do verán descoñecidas para os máis cativos. Camiños sen sorrisos. Tamén fito un corazón tallado na codia da árbore de en fronte. Escóitoo palpitar. Si, esa árbore tamén terá unha historia. Espera coma min un novo ceo, un novo mundo.

Ela anda pola casa. Podo escoitar os seus pasos silenciosos e un ruído dun coche na parte traseira. Ela vén á présa ao meu carón. Só a vexo de esguello, cun cartón agochado na man. El, o outro, enfadado prémelle o brazo. Vexo a dor no seu rostro engurrado. Deixa caer o cartón abaixo dos meus xeonllos. O retrato de dous nenos, cun sorriso mentres suxeitan os cordeis de dous papaventos, quere agasallarme a súa historia. Máis tarde volvo sentir o ruído do motor. Ela volve á soleira e coloca o cartón enriba do meu peito. E outra vez en silencio para dentro da casa. Consigo fixar a mirada dos meniños. Ansían voar detrás dos papaventos como as dúas bolboretas de ouro branco que revoan no meu horizonte da soleira.

A cabeza é un remuíño de voltas. Primeiro vexo as luces, despois as cores. Tódalas cores son unha esfera branca. Todo xira. Sempre é o mesmo.